

RESUMO

1. A Unión Europea e o seu espazo xeográfico

Actualmente a Unión Europea é unha organización supra estatal formada por estados soberanos que delega parte dela nunhas institucións comúns que toman decisións democráticas para o conxunto dos estados membros en materia económica, política, social e cultural.

1.1 Proceso de formación da Unión Europea

En 1951 formouse a Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro (xerme de Unión Europea). En 1967 asínase o Tratado de Roma, que dá lugar a Comunidade Económica Europea (CEE) e a Comunidade Europea da Enerxía Atómica (EURATOM). A Acta Única Europea do Tratado de 1987 modificou o nome de Comuniade Económica Europea pol de Comunidade Europea, e este a súa vez foi substituído polo de Unión Europea no Tratado de Maastrich de 1992.

1.2 O proceso de integración

A unificación europea foise produción a través de sucesivas ampliacións. Da Europa dos seis pasouse a actual Europa dos 28.

1.2 As institucións europeas

As institucións fundamentais no proceso decisorio son:

- **Consello Europeo** (cumio dos xefes de Estado ou Primeiros Ministros da UE)
- **Parlamento Europeo**, que representa aos cidadáns da UE e é elixido directamente por eles;
- **Consello da Unión Europea**, que representa aos Estados membros;
- **Comisión Europea**, que defende os intereses da Unión no seu conxunto.

Outros órganos: o Comité das Rexións, o Comité Económico e Social e o Tribunal de Contas.

2. medio físico de Europa e os seus contrastes

A UE ocupa a maior parte da porción occidental do continente europeo.

2.1 O relevo presenta formas moi diversas: as chairas, as montañas e as mesetas.

2.2 As rexións bioclimáticas son : paisaxe oceánica, paisaxe mediterránea, paisaxe continental e subártica, paisaxe ártica, paisaxe de montaña e paisaxe subtropical.

3. Os contrastes demográficos na Unión Europea

A UE ten unha alta densidade de poboación; un crecemento natural na maioría dos países baixo ou negativo; sofre un acusado envellecemento e é receptora de inmigrantes. O comportamento destas variantes e moi distintas entre as distintas rexións europeas.

4. Os contrastes urbanos na Unión Europea

O territorio da Unión Europea está moi urbanizado. A rede urbana europea

presenta espazos de particular concentración: “o pentágono”, o arco mediterráneo, o arco atlántico, o eixe do Danubio e o eixe báltico. Na Europa comunitaria só hai un sistema urbano de ámbito europeo desenvolvido, pero de gran potencia, denominado “pentágono” europeo (comprendido entre Londres, París, Milán, München e Hamburg)

5. Os contrastes económicos na Unión Europea

A estrutura agraria é contrastada: poboación ocupada escasa, o tamaño das explotacións e o seu nivel de mecanización e as técnicas empregadas depende das áreas.

As áreas agrarias especializáronse en diferentes producións en función do medio físico, a accesibilidade e a demanda do mercado.

Europa produce menos enerxía da que consumo polo que ten unha alta dependencia dos países provedores.

A UE é unha das primeiras potencias industriais. A industria está desigualmente repartida no espazo. A área máis industrializada é o eixe arredor da Canle da Mancha ata Silesia e Bohemia e polo val do Rin ata a chaira do Po.

O sector económico máis importante no PIB é o terciario.

6. Os contrastes políticos

Todos os países da Unión teñen réximes democráticos.

Dentro da Unión Europea existen estados e ideoloxías con posturas heteroxéneas respecto a integración europea: europeístas e euroescépticos.

Políticas comúns: Unión Económica e Monetaria; Política de Xustiza e Asuntos Internos; Política Exterior e de Seguridade Común.

7. Os contrastes sociais

A sociedade da Unión Europea goza dun elevado nivel de benestar. Non obstante, existen diferenzas entre países. Os que teñen un maior nivel de benestar son os de Europa occidental.

8. As disparidades rexionais e as políticas de cohesión e rexionais

En Europa existen unha gran diversidade de situacións rexionais debidas aos condicionantes naturais, as circunstancias históricas e á situación económica e política.

Os fortes desequilibrios que existen entre os territorios tratan de ser solucionados a través da Política Rexional. Esta execútase a través de tres fondos principais: o FEDER, o FSE, o Fondo de Cohesión.

9. España na Unión Europea

España sempre estivo no grupo europeísta. Necesidade de recuperar peso político na UE.

A posición económica de España é intermedia entre os países avanzados e Europa noroccidental e os menos adiantados e Europa central. Menor produtividade e competitividade que os países avanzados.